

ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PERITO INDEPENDENTE PARA VALORACIÓN DE PROXECTOS DE CONSTRUCCIÓN

Nº DE EXPEDIENTE: GALP1-F-007/2023

Vista a proposta de adxudicación formulada polo Presidente da Comisión de Contratación, en base ao acordo da citada Comisión na reunión celebrada o día 9 de novembro de 2023 ás 9.30 horas, para resolver o empate resultante da valoración do procedemento de contratación arriba indicado, e unha vez verificado que se cumpre coa capacidade, solvencia técnica e económica especificadas nos pregos de contratación, adxudícase o contrato de **Servizo de perito independente para valoración de proxectos de construción** á empresa **Arnela Diseño, S.L.**, polo importe unitario por proxecto de 100,00.-€ (máis Ive) para os informes previos requeridos na fase de solicitude de axudas e por un importe unitario de 200,00.-€ (máis Ive) para informes finais requeridos na fase de xustificación (parcial e/ou final) no período de contratación, dende outubro de 2023 ata o 31 de decembro de 2026.

Empresas participantes e puntuacións obtidas :

CRITERIO DE ADXUDICACIÓN ÚNICO- PREZO		
Licitador/a	Oferta económica: Prezo (Anexo IV)	Puntuación
Arnela Diseño, S.L.	Informes iniciais: 100,00.-€ (sen Ive) Informes finais: 200,00.-€ (sen Ive)	100
Proyectos, Soluciones e Instalaciones Galicia, S.L.U.	Informes iniciais: 100,00.-€ (sen Ive) Informes finais: 200,00.-€ (sen Ive)	100

***Non hai ofertas excluídas nin non seleccionadas**

Segundo o indicado nos pregos, *o empate entre varias ofertas logo da aplicación dos criterios de adxudicación, resolverase mediante a aplicación, por orde, dos seguintes criterios, referidos ao momento de finalizar o prazo de presentación das ofertas:*

1. Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.



2. Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal
3. Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de persoal.
4. Sorteio, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dea lugar a desempate.

Aplicando estes criterios:

1. Maior porcentaxe de persoas traballadoras con discapacidade ou en situación de exclusión social no cadro de persoal, primando, en caso de igualdade, o maior número de persoas traballadoras fixas en inclusión no cadro de persoal.

Non existe persoal traballador con discapacidade nin en situación de exclusión social en ningunha das empresas licitadoras.

2. Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de persoal

Licitador/a	Porcentaxe de contratos temporais
Arnela Diseño, S.L.	12,5%
Proyectos, Soluciones e Instalaciones Galicia, S.L.U.	14,28%

Unha vez publicada a proposta de adxudicación a favor de Arnela Diseño, S.L.en data 14 de novembro de 2023 e transcorridos 3 días hábiles sen alegacións, e para que conste aos efectos oportunos, asino a presente adxudicación, como Presidente do GALP A Mariña-Ortegal, co visto bo da Tesourería e dando fé asina o secretario do GALP A Mariña-Ortegal.

En Viveiro a 21 de novembro de 2023.

O PRESENTE DOCUMENTO É COPIA FIEL DO ORIXINAL

O Presidente do GALP A Mariña-Ortegal
D. Javier Martínez Otero

O Secretario
D. Jesús Fernández Fernández

O Tesoureiro
D. Ramón Rivas Villares